

## UNIDADE 5. A sexualidade: respecto e consentimento

---

# PROXECTO: A SEMANA DA VISIBILIZACIÓN DA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL

Sabias que ata 1990 a homosexualidade era considerada unha enfermidade mental?

O 17 de maio dese ano a Organización Mundial da Saúde retirou por fin, tal e como se viña solicitando desde había tempo, a homosexualidade da listaxe de enfermidades mentais. Para conmemorar esa data cada 17 de maio celébrase en todo o mundo o [Día Internacional contra a homofobia, a bifobia e a transfobia](#).

Para facer ver o noso compromiso na loita contra a discriminación por motivo de orientación sexual, identidade de xénero ou corpo sexuado, celebraremos no centro a Semana da Diversidade Afectivo-Sexual.

1. Formade grupos de entre catro e seis persoas.
2. Cada grupo de traballo é libre de idear e propoñer ao/á seu/súa profesor/a unha acción ou acollerse a unha das que se suxiren a continuación:
  - a) Preparar un videofórum sobre unha curtametraxe ou unha película que trate a problemática LGTBI+. Se non se vos ocorre nada, ollade o apartado de ["Para Ampliar" nesta mesma aula virtual](#).
  - b) Encher o instituto ou o barrio con [cartelaría reivindicativa](#) dos dereitos LGTBIQ+. Debedes documentar a acción e os seus resultados con fotografías ou vídeos.
  - c) Instalar no instituto mesas e paneis informativos con información sobre a problemática LGTBI+. As mesas e os paneis poden conter cartelaría e documentación propia ou allea.



Manifestación do Orgullo en Toronto (Canadá), ano 2016. Dominio Público.

## Igualdade de Xénero. Unidade 5. Proxecto: A semana da visibilización da diversidade...

Podedes solicitar materiais e información na rede galega de asesoramento afectivo sexual para a mocidade ([QUEROTE +](#)) ou na [rede](#) de asociacións LGTBIQ+.



*Intervención artística en conmemoración do IDAHO no IES Otero Pedrayo da Coruña. 17 de maio, 2018. Imaxe propia.*

- d) Realizar intervencións artísticas no instituto sobre os dereitos LGTBIQ+. Documentade as intervencións e os seus resultados con fotografías ou vídeos.
  - e) Arrombar unha [maleta viaxeira](#) con libros, revistas, películas... sobre a problemática LGTBIQ+ para a comunidade educativa (alumnado, familias, profesorado...) e presentar en público os materiais que a compoñen.
  - f) Programar no instituto charlas de activistas LGTBIQ+. Non debedes limitarvos a xestionar a charla, senón que vos ocuparedes de presentar ás/aos relatores/es, axudarlles a organizar a súa exposición e moderala con preguntas e suxestións.
  - g) Redactar un [fanzine](#) que faga visíbel a problemática e a loita da comunidade LGTBIQ+ e distribuílo entre a comunidade educativa.
3. A finalidade das accións é facer visible a toda a comunidade educativa as arelas e actividades das minorías sexuais. É moi importante que as actividades impliquen á maior cantidade posíbel de persoas. Procurade, por tanto, que se desenvolvan en momentos estratéxicos: ás entradas ou saídas, durante o recreo, etc. Se é necesario, tamén podedes levalas a cabo durante horas lectivas. Falade coa Dirección do instituto para asegurardes de que as actividades contan cos permisos necesarios e contemplar cuestións de organización.
4. Os criterios de avaliación serán os seguintes:
- a) Contido do traballo e calidade da información contida na acción: 4 puntos.
  - b) Impacto sobre a comunidade educativa: 3 puntos.
  - c) Capacidade de traballo en equipo: 2 puntos.
  - d) Calidade das intervencións orais, nas accións a), c) e f): 1 punto.
  - e) Presentación, incluída a calidade da expresión escrita ou plástica, nas accións b), d), e), f): 1 puntos.